

RESOLUCIÓN 26/14

Tras recibir unha nova renuncia a formar parte da Comisión Delegada da FEGAN

A Xunta Electoral da FEGAN,

RESOLVE:

1. Excluir a Da. Elena Sánchez de Paz do listado definitivo de candidatos polo estamento de árbitros e técnicos á Comisión Delegada da FEGAN, a petición voluntaria da interesada.
2. Suspender a Asemblea Xeral de carácter extraordinario convocada para o vindeiro luns día 29 de decembro, debido a que os únicos puntos da orde do día eran a elección do presidente e da Comisión Delegada da FEGAN e en ambos casos non se ten que levar a cabo ningunha votación ao ser igual o número de candidatos/as ao número de membros a escoller.
3. Proclaclar de forma provisional como presidente da FEGAN a D. Carlos Bremón Pérez en aplicación do artigo 16.9 do Regulamento Electoral.
4. Proclamar de forma provisional os membros da Comisión Delegada da FEGAN en aplicación analóxica do artigo 10.4 do Regulamento Electoral:

DEPORTISTAS:

NOME	APELIDOS
ROI	GONZÁLEZ MANSO
LAURA	SANTALLA TRIGO

ÁRBITROS E TÉCNICOS:

NOME	APELIDOS
FRANCISCO	BARRAL TRÍPOLI

CLUBS:

CLUBS
CLUB MARINA FERROL
CLUB NATACIÓN CORUÑA
CLUB NATACIÓN FERROL
CLUB NATACIÓN PORTAMIÑA LUGO
CLUB NATACIÓN RIVEIRA
CLUB NATACIÓN XOVE

5. Habilitar un prazo até o día 29 de decembro para a presentación de todas as reclamacións que se consideren oportunas á proclamación do presidente ou dos membros da Comisión Delegada da FEGAN.

A presente resolución publicarase para coñecemento público e contra a mesma poderase interpor recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nun prazo de 3 días hábiles a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento Electoral.


Para que conste os efectos oportunos, certifico dita resolución co visto e prace do presidente, na Coruña, 26 de decembro de 2014.

O secretario da XE,



Asdo.: Aitor Bouza Manso

Vto. e prace: o presidente,



Asdo.: Pedro L. Fernández Pombo